

Aulas de 3 anos

Estimadas familias, neste PDF continuamos coa estruturación temporal proposta nos anteriores PDF.

Primeiro:

ASEMBLEA: reunión dos membros da familia. Decidimos as actividades que imos facer ó longo do día, anotamos o número de persoas que estamos na casa e o número de persoas que saíron. Escribimos o seu nome (coa vosa axuda). Marcamos o día no calendario e miramos que tempo fai.

Para iniciar o día continuamos coas mesmas cancións e engadimos unha canción máis:

- "Buenos días"
- "Los días de la semana"
- "Como está el clima"
- "Os días da semana"
- "Hola y Adios".

Segundo:

Traballo individual na mesa (podedes escoller unha das actividades propostas para cada día).

- Unimos os produtos, que procedan dalgún animal, co seu animal de orixe. Coloreamos (ficha 1 do PDF).
- Unimos cada animal coa hábitat ao que pertence. Coloreamos (ficha 2 do PDF).
- Asociamos a cantidade de ovos de cada cesto coa grafía do número correspondente. Repasamos os números 1, 2 e 3 seguindo a direccionalidade axeitada (ficha 3 do PDF).
- Buscamos e rodeamos as vogais (A,E,I,O,U) (ficha 4 do PDF).
- Repasamos con lapis as figuras xeométricas (círculo, cadrado e triángulo). Coloreamos segundo a cor indicada (ficha 5 do PDF).
- Repasamos os números 3 e pintamos a serie de cadrados: amarelo-azul-vermello (ficha 6 do PDF).
- Recortamos as 4 pezas do quebracabezas (ficha 7 do PDF). Pegamos na orde correcta (ficha 8 do PDF).
- Utilizamos distintas técnicas plásticas na decoración da paisaxe de verán (ficha 9 do PDF).
- Buscamos obxectos nunha revista que empecen por cada vogal, recortámolos e pegámolos en cada recadro (ficha 10 do PDF).

- Debuxamos o número de círculos indicado en cada etiqueta (ficha 11 do PDF) .

Terceiro:

Merenda, xogo libre.

Cuarto:

Momento do conto: podedes seguir empregando os contos clásicos que teñades na casa e os que se recolleron nos anteriores PDF e engadimos dous novos (pulsade no enlace) :

- Rana de tres ojos.
- En Familia.


Quinto:

Podes elixir unha das actividades para realizar cada día, por exemplo: luns actividades dos recantos, martes de música, mércores de psicomotricidade, xoves praxias e venres experimentos ou valores.

Actividades que desenvolven na aula nos recantos como:

- Modelar con plastilina (letras, números, churros...) .
- Representar simbolicamente accións da vida real, por exemplo, poñer a mesa...

- Verbalizar as posicións onde colocan os xoguetes, por exemplo, este coche está dentro de, ó carón de...
- Asociar pinzas da roupa de cor ou pintadas con figuras xeométricas, que poden facer coa vosa axuda, da mesma cor.
- Buscar imaxes que empecen como o seu nome, co voso nome...
- Clasificar alimentos pola súa cor, textura e sabor.
- “A balanza”: propoñemos actividades manipulativas co obxectivo de guiar á progresiva comprensión das relacións de peso. Podemos utilizar obxectos grandes e lixeiros para comparar con outros pequenos e más pesados ou botellas de plástico grandes e baleiras con botellas más pequenas de cristal (contando coa supervisión da persoa adulta).



Con relación á **música** a profe Marta envíavos a seguinte proposta:

- Un día en la granja
- Bartolito
- Dicen que ...
- O galo canta

Psicomotricidade (Premede no enlace [blog dos Mestres de EF](#)) .

Para relaxarse e volver a calma podemos utilizar estes recursos:

- o La nube.
- o Magia en el mar.

Con respecto ás Praxias podemos traballar cos seguintes enlaces:

- Jugar con la boca.
- COC el cocodrilo.

Un aspecto moi importante en educación infantil é promover a investigación-acción e para isto, entre outras actividades, facemos experimentos e actividades variadas... Propoñemos dúas para as duas vindeiras semanas.

Experimento 1:

A ABSORCIÓN DA AUGA

MATERIAIS:

- 4 flores brancas.
- 4 vasos transparentes.
- Colorantes alimentarios.
- Auga

PREPARACIÓN:

Eixe catro flores brancas idénticas. Pon cada unha nun vaso e tingue a auga de tres delas con colorantes alimentarios amarelo, vermello e azul. A cuarta flor servirache para comparar os resultados. Espera uns días e observa os resultados.



Experimento 2:

FLOTA?

Podedes probar cada un destes obxectos (pluma, moeda, lapis, botella de auga) nun recipiente transparente con auga, para observalos mellor.

Pon unha cruz nas casillas da tabla para identificar os obxectos que se afunden e os que flotan.

	Afunden	Flotan
		
		
		
		

Para traballar os **valores** aproveitamos as diferentes situacóns do día a día, mediante contos ou por medio de anacos de películas ou cortos infantís. Enviamos dous novos enlaces:

- El día del medio ambiente (5 de xuño)
- El enfado de Roqui (empatía)

Unha vez vistos falaremos do que acontecía nos mesmos, dos personaxes, etc.

Sexto

Recollemos e lembramos as actividades feitas.

➤ Algunhas páxinas webque lles gustan son:

<https://arbolabc.com/>

<http://recursostic.educacion.es/infantil/fantasmin/web/>

<https://www.elbuhoboo.com/>

<https://www.juegosinfantilespum.com/>

<http://www.cristic.com/>

<http://roble.pntic.mec.es/arum0010/>

<http://www.memo-juegos.com/>

<https://www.juegosinfantilespum.com/>

➤ Para obter recursos podes emplegar:

<https://www.orientacionandujar.es/> (contidos de todo tipo)

<https://es.ixl.com/math/> (para traballar conceptos matemáticos)

<https://www.imageneseducativas.com/>

<https://www.pequeocio.com/>














**MOITÍSIMO ÁNIMO DE PARTE DE TODO O
PROFESORADO!!!**

FICHAS


* OS ANIMAIS DANNOS...*

UNE OS PRODUTOS, QUE PROCEDAN DALGÚN ANIMAL, CO SEU ANIMAL DE ORIXE:




* HÁBITATS DOS ANIMAIS *


UNE CADA ANIMAL CO HÁBITAT AO QUE PERTENCE:








TERRA



MAR



AIRE



FICHA 3

RECOGEMOS LOS HUEVOS



1

2

3

FICHA 4

Nombre Fecha

Busca y rodea las vocales:

A E I O U






FICHA 5



Nombre: Fecha: Curso:


Figuras geométricas. Dibuja.




FICHA 6

Nombre:

Repasa los números y pinta la serie de cuadrados amarillo-azul-rojo




FICHA 7




© vk.com/sunmommy

FICHA 8


RECORTA O QUEBRACABEZAS DA PÁGINA SEGUINTE E PEGA NO CADRO NA ORDE CORRECTA






BUSCA OBJETOS EN UNA REVISTA QUE EMPIECEN POR CADA VOCAL, RECÓRTALOS Y PÉGALOS
EN CADA RECUADRO


A




E




I



O



U



FICHA 11

DIBUJA EL NÚMERO DE CÍRCULOS INDICADOS EN CADA ETIQUETA

